



Confederación Intersindical Galega

# A CIG ANTE O NOVO ERE

## O MODELO DE EMPRESA

Telefónica vén de presentar con data 25 de xuño un novo E.R.E. polo que pretende un despedimento colectivo de 15.000 traballadores/as entre o 2003 e o 2007.

A perda de cota de mercado, o transvase de clientes da telefonía fixa á móbil, o impacto do marco regulatorio e a evolución tecnolóxica producen, segundo a Telefónica, unha redución de ingresos que só se pode resolver diminuíndo custos. Para o que consideran necesario **DESPEDIR**.

Estes mesmos argumentos utilizounos a empresa para “convencer” os sindicatos CC.OO. e UGT para que asinasen o E.R.E. de 1999, coa promesa de que, co despedimento de 11.000 traballadores/as, poríase punto e final á desfeita facendo a empresa máis competitiva e xeradora de emprego e, a partir do 2000, xa poderíamos durmir tranquilos.

A realidade impúxose sobre os contos que CC.OO. e UGT nos contaban, porque, Telefónica ten claro o seu modelo:

*Reducir o cadro de persoal, sen límite, para converterse nunha empresa de xestión, exteriorizando toda a actividade técnica e administrativa a empresas filiais ou*

## OS TRABALLADORES...¿QUÉ QUEREMOS?

En primeiro lugar, os traballadores sabemos que o grupo Telefónica é un dos negocios máis rendibles.

Segundo, a produtividade, de máis de 500 liñas por traballador/a, é das máis altas das operadoras no mundo.

Polo que, a CIG négase a aceptar como única vía sindical o pregarse a xestionar os plans da Empresa. **Queremos discutir un plan de futuro** (xa reclamado no ERE anterior), por provincias, por categorías, atendendo ás necesidades reais da demanda, con parámetros de calidade e de rendibilidade.

Propomos ó C.I. que suspenda durante o verán as negociacións do ERE e abra un proceso de debate, a partir de setembro, que culmine cun referendo decisorio.

Na CIG, cos sindicatos que integramos a Coordinadora de Burgos, estamos decididos a traballar pola unidade e a participación necesaria do cadro de persoal e a propiciar as mobilizacións precisas na defensa dunha Telefónica na que todos/as os traballadores/as teñamos futuro.